

AS MEIGAS DE IBARROLA

No profundo dos bosques de Oleiros, atopamos o Parque de Ibarrola, que no seu día fora un pazo. Conta con máis de 4.500 metros cadrados dun xardín histórico do século XIX de estilo romántico, xusto á beira da famosa Capela de San Paio, na parroquia de Liáns. Ademais atópanse nel varios elementos arquitectónicos interesantes: a casa en ruínas, o valo que rodea a leira, o estanque de nenúfares, a fonte en copa e o banco de pedra.



Co decorrer dos anos, a estrutura de pedra de granito gris da maxestosa casa abandonada, fora testemuña de numerosos segredos e lendas que se transmitían de xeración en xeración. A xente da vila evitaba pasar preto dela, rumoreando historias de laios fantasmais e sombras que bailaban nas xanelas baleiras.



A Casa dos Suspiros, como a chamaban os veciños, era un lugar misterioso que despertaba curiosidade e temor por igual. Aínda que a súa fachada se ía deteriorando co paso do tempo, as historias do seu pasado escuro persistían na mente de quen se atrevían a imaxinar o que xacía tras as súas portas entreabertas. Unha noite escura e de tronada, un grupo de mozos e mozas decidido desafiou a advertencia dos máis vellos do lugar e aventurouse cara á Casa dos Suspiros. Lanternas en man, abriron a porta que renxeu ante eles e así penetraron na escuridade. O estalido das táboas vellas baixo os seus pés resoaba coma un eco dos seus medos.

A medida que exploraban a casa, comezaron a sentir unha presenza que non eran quen de describir. Portas que se pechaban soas, gargalladas afastadas e bisbos inintelixibles perseguíronos polos corredores cheos de po. Os mozos, envolvidos nun calafrío inexplicable, decatáronse de que non estaban sos.

Na sala principal, unha luz que tremelicaba, revelou a figura etérea dunha muller vestida con roupaxes antigas. A súa mirada triste e ollos baleiros penetraron na alma dos intrusos. A muller fantasmal murmurou palabras incomprendibles, facendo que a atmosfera se cargase de enerxía sobrenatural.

De súpeto, as sombras cobraron vida, materializándose en figuras de meigas que xurdiron dos currunchos ocultos. As meigas, cos seus chapeus rematados en punta e risas malévolas, rodearon á rapazada, encantándoos cunha danza mística. Os intrusos víronse envolvidos nunha espiral de maxia e terror.

A líder das meigas, unha anciá con ollos que botaban chispas de cores, revelou a historia oculta da casa. Contou como, séculos atrás, o pazo fora o lugar elixido para celebrar reunións de meigas nas que realizaban rituais e feitizos máxicos en busca de poder. Con todo, o seu destino cambiou cando un malévolos feiticeiro as traizoou,

selando as súas almas na casa para toda a eternidade.

Con bágoas nos ollos, as meigas imploráronlles aos mozos que liberasen as súas almas. Guiados por unha mestura de medo e compaixón, os intrusos aceptaron o desafío. Despois de realizaren un antigo ritual, a Casa dos Suspiros tremeu e as meigas desapareceron na brétema da noite, liberadas finalmente do seu cárcere eterno.

A Casa dos Suspiros, agora desprovista da súa maldición, afundiuse na escuridade, recobrando o seu aspecto antigo e apracible. Os mozos, tremendo pero satisfeitos, abandonaron o lugar, levando consigo a historia da casa encantada de Montrove. A partir daquela, os veciños deixaron de terlle medo, e a Casa dos Suspiros atopou a paz que estivera buscando durante séculos.